

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19656 *Real decreto 1635/2011, do 14 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, en materia de tempo de presenza nos transportes por estrada.*

O Real decreto 902/2007, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao tempo de traballo de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada, ditouse coa finalidade de incorporar ao dereito español a Directiva 2002/15/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2002, relativa á ordenación do tempo de traballo das persoas que realizan actividades móbiles de transporte por estrada, que se integra na normativa que xa ordenaba especificamente o tempo de traballo no sector do transporte por estrada: o xa citado Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, que se aprobou facendo uso da autorización concedida ao Goberno nos artigos 34.7, 36.1 e 37.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

A aplicación desa nova regulación das xornadas de traballo no transporte por estrada foi case simultánea coa plena entrada en vigor do Regulamento (CE) número 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) núm. 3821/85/CEE e (CE) núm. 2135/98/CE do Consello e se deroga o Regulamento 3820/85/CEE do Consello. O Regulamento (CE) número 561/2006 contén normas sobre o tempo de condución, as pausas e os períodos de descanso para os condutores dedicados ao transporte por estrada de mercadorías e viaxeiros, algunhas das cales prevalecen sobre as contidas nas directivas de tempo de traballo.

A Directiva 2002/15/CE e o Regulamento (CE) número 561/2006 conteñen referencias recíprocas que comportan a súa aplicación como un conxunto. De igual maneira ocorre coas normas de transposición da indicada directiva. Búscase así mellorar a protección da seguridade e a saúde das persoas que realicen actividades móbiles de transporte por estrada e a seguridade viaria e aproximar en maior grao as condicións de competencia, todo isto mediante a aplicación dunhas condicións mínimas relativas á ordenación do tempo de traballo no sector do transporte por estrada, así como mellorar as prácticas de control e de aplicación nos Estados membros e as prácticas laborais no transporte por estrada.

Xunto ao anterior débese lembrar que o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, contén nos preceptos dedicados aos transportes por estrada, ao igual que noutros, numerosas chamadas á negociación colectiva, coa finalidade de que os axentes sociais lexitimados para isto concreten a aplicación específica de certos aspectos da ordenación do tempo de traballo, adaptándoa e achegándoa á forma en que, en cada caso, a actividade se organiza e desprega, pero sempre con plena garantía da seguridade e saúde dos traballadores.

Foi precisamente no ámbito do diálogo entre os axentes sociais onde se puxo de manifesto a existencia, nalgúns casos, de dificultades para aplicar as regras de cómputo do chamado tempo de presenza, nos termos previstos no artigo 10 do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, na redacción dada a este polo Real decreto 902/2007, do 6 de xullo, así como a conveniencia de ampliar as fórmulas para o dito cómputo, sempre que así sexa acordado en convenio colectivo de ámbito estatal. Trátase, por tanto, de incrementar as posibilidades que a norma ofrece de adaptar mediante a negociación

colectiva de ámbito estatal o tempo de traballo. Isto require, necesariamente, a modificación do citado artigo 10 do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro.

Así pois, o real decreto modifica puntualmente o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, pola súa vez modificado, no relativo ao tempo de traballo de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada, polo Real decreto 902/2007, do 6 de xullo. Consta dun artigo único no cal se dá nova redacción ao número 5 do artigo 10 do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro. O real decreto complétase con catro disposicións da parte final: unha derogatoria e tres derradeiras.

A tramitación deste real decreto encontra a súa orixe na intensa actividade conxunta das asociacións empresariais e organizacións sindicais do sector. Non obstante, posteriormente, na tramitación formal do real decreto foron novamente consultadas as organizacións sindicais e as asociacións empresariais máis representativas. Igualmente, o Consello Nacional de Transportes Terrestres e o Comité Nacional de Transportes por Estrada emitiron informe sobre o proxecto.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Inmigración e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do artigo 10 do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.*

O número 5 do artigo 10 do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, queda redactado nos seguintes termos:

«5. Os períodos de tempo de presenza indicados no número 4 deste artigo computaranse para determinar o límite de horas semanais que se establece no artigo 8.3. Exclusivamente, mediante convenio colectivo sectorial de ámbito estatal poderanse pactar, para os supostos previstos nas letras a), b) e d) do número 4, para efectos do citado límite de horas semanais, distintos criterios de cómputo dos referidos períodos de tempo de presenza.

En todo caso e sen prexuízo do anterior, o período dun mes que se toma como referencia no indicado artigo 8.3 poderase ampliar ata un máximo de dous meses mediante convenio colectivo sectorial de ámbito estatal, sempre que a dita ampliación se fundamente na existencia de razóns obxectivas ou técnicas ou de organización do traballo, tales como o carácter internacional dos servizos de transporte.»

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase conforme o previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Traballo e Inmigración e de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO